

**§ 5 REAL DECRETO 2568/1986, DO 28 DE NOVEMBRO (ADMINISTRACIÓN PÚBLICA), POLO QUE SE APROBA O REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E RÉXIME XURÍDICO DAS ENTIDADES LOCAIS**

(«BOE» núm. 305, do 22 de decembro; corrección de erros no «BOE» núm. 12, do 14 de xaneiro de 1987)

.....

**TÍTULO II**

**Organización necesaria dos entes locais territoriais**

**CAPÍTULO PRIMEIRO**

**DO MUNICIPIO**

.....

**Art. 37.** 1. As corporacións municipais constitúense en sesión pública o vixésimo día posterior ao da realización das eleccións, salvo que se presentase recurso contencioso-electoral contra a proclamación dos concelleiros electos; neste suposto constituirase o cuadrexésimo día posterior ao da eleccións (1).

.....

---

(1) Artigo 195 da Lei orgánica do réxime electoral xeral (§ 7).

### TÍTULO III

#### Funcionamento dos órganos necesarios dos entes locais-territoriais

.....

#### CAPÍTULO IV

##### RÉXIME XERAL DAS DELEGACIÓNS ENTRE OS ÓRGANOS NECESARIOS

**Art. 115.** Se non se dispón outra cosa, o órgano delegante conservará as seguintes facultades en relación coa competencia delegada:

.....

c) Os actos ditados polo órgano delegado no exercicio das atribucións delegadas enténdense ditados polo órgano delegante, correspondéndolle, en consecuencia, a este a resolución dos recursos de reposición que se poidan interpor, salvo que no decreto ou acordo de delegación expresamente se confira a resolución dos recursos de reposición contra os actos ditados polo órgano delegado.

.....

### TÍTULO V

#### Organización e funcionamento doutras entidades locais

.....

#### CAPÍTULO II

##### DAS ENTIDADES LOCAIS DE ÁMBITO TERRITORIAL INFERIOR AO MUNICIPIO

**Art. 142.** 1. As xuntas veciñais constituiranse na data que sinala a xunta electoral de zona, unha vez efectuadas as operacións electorais previstas no artigo 199 da Lei orgánica

5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, salvo que se presentase recurso contencioso-electoral contra a proclamación do alcalde pedáneo, caso en que non se poderá constituír ata que se resolvese este. §5

.....

## TÍTULO VI

### Procedemento e réxime xurídico

#### CAPÍTULO PRIMEIRO

##### PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO

.....

*Sección 4.<sup>a</sup> Dos interesados nos expedientes das recusacións e abstencións*

.....

**Art. 184.** A recusación incoarase por instancia alegando a causa. O recusado manifestará por escrito se a recoñece ou non e, unha vez practicada a proba que proceda, dentro dos quince días, o presidente ou o Pleno, se é o caso, resolverá sen ningún recurso, sen prexuízo de alegar a recusación ao interpor o recurso administrativo ou contencioso-administrativo, segundo proceda, contra o acto que termine o procedemento.

.....

#### CAPÍTULO III

##### RÉXIME XURÍDICO

*Sección 1.<sup>a</sup> Da executividade dos actos e acordos locais*

**Art. 208.** 1. Os actos das entidades locais son inmediatamente executivos, salvo naqueles casos en que unha

**§5** disposición legal establece o contrario ou cando se suspenda a súa eficacia de acordo coa Lei 7/1985, do 2 de abril (2).

2. A eficacia quedará demorada cando así o exixa o contido do acto ou estea supeditada á súa notificación e publicación, ou cando unha lei exixa a súa aprobación por outra Administración pública (3).

*Sección 2.<sup>a</sup> Das reclamacións e recursos contra os actos e acordos das corporacións locais*

**Art. 209.** 1. Contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin á vía administrativa, os interesados poderán, logo de recurso de reposición ou reclamación previa nos casos en que proceda, exercer as accións pertinentes ante a xurisdición competente.

2. Xunto aos suxeitos lexitimados no réxime xeral do proceso contencioso-administrativo (4), poderán impugnar os actos e acordos das entidades locais que incorran en infracción do ordenamento xurídico os membros das corporacións locais que votasen en contra de tales actos e acordos.

**Art. 210.** Poñen fin á vía administrativa as resolucións dos seguintes órganos e autoridades:

a) As do Pleno, os alcaldes, presidentes e comisións de goberno, salvo os casos excepcionais en que unha lei sectorial requira a aprobación ulterior da Administración do Estado ou da comunidade autónoma, ou cando proceda recurso ante estas nos supostos do artigo 27.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

b) As das autoridades e órganos inferiores ou, nos casos que resolvan por delegación do alcalde, do presidente ou doutro órgano as resolucións do cal poñan fin á vía administrativa.

---

(2) Artigo 51 da dita lei (§ 4).

(3) Véxase o artigo 57.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (§ 11).

(4) Artigos 18 a 22 da Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

c) As de calquera outra autoridade ou órgano cando así §5  
o estableza unha disposición legal.

**Art. 211.** 1. De acordo co disposto na Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa e como requisito previo á interposición do recurso contencioso-administrativo contra actos ou acordos das autoridades e entidades locais que poñan fin á vía administrativa, deberase formular recurso de reposición, que se presentará ante o órgano que ditase o acto ou acordo, no prazo dun mes contado desde a notificación do acto ou acordo (5).

2. Non obstante, o recurso de reposición será potestativo en materia de orzamentos, imposición e ordenación de tributos, e nos demais casos en que teña tal carácter, segundo o disposto na mencionada Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (6).

3. O prazo para interpor recurso de reposición polos concelleiros ou membros das corporacións locais que votasen en contra do acordo contarase desde a data da sesión en que se votase o acordo.

**Art. 212.** Non se poderán exercer accións fundadas no dereito privado ou laboral contra as autoridades e entidades locais sen previa reclamación ante elas. A devandita reclamación tramitarase e resolverase polas normas contidas na lexislación do Estado reguladora do procedemento administrativo común (7).

**Art. 213.** Para reclamar na vía governativa ou na xudicial contra calquera acordo ou resolución, non será requisito indispensable a consignación previa da cantidade exixida, sen prexuízo dos procedementos de constrinximento e dos afianzamentos ou garantías legais.

---

(5) Véxanse os artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (§ 11).

(6) Véxase o artigo 113 da Lei reguladora das bases do réxime local (§ 3).

(7) Artigos 122 a 126 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (§ 11).

Véxanse o artigo 224.3 e a disposición transitoria segunda desta disposición.

**§5** *Sección 3.<sup>a</sup> Da impugnación xurisdiccional dos actos e acordos das entidades locais pola Administración do Estado ou polas comunidades autónomas*

**Art. 214.** 1. A Administración do Estado e as comunidades autónomas, no ámbito das súas respectivas competencias, están lexitimadas para impugnar os actos e acordos das entidades locais que incorran en infracción do ordenamento xurídico, nos casos e nos termos previstos no artigo 65 da Lei 7/1985, do 2 de abril (8).

2. As impugnacións a que se refire o parágrafo anterior están exceptuadas do recurso previo de reposición.

**Art. 215.** 1. Cando a Administración do Estado ou a das comunidades autónomas considere, no ámbito das súas respectivas competencias, que un acto ou acordo dalgũa entidade local infrinxe o ordenamento xurídico, poderá requirila, invocando expresamente o artigo 65 da Lei 7/1985, do 2 de abril, para que anule o dito acto ou acordo.

2. O requirimento deberá ser motivado e expresar a normativa que se considere vulnerada. Formularase no prazo de quince días hábiles a partir da recepción da comunicación do acto ou acordo.

De se ter solicitado ampliación da información, quedará interrompido o cómputo do prazo, que se reiniciará a partir da recepción da documentación solicitada.

3. A entidade local, en virtude do requirimento, e no prazo sinalado para iso, poderá anular o dito acto ou acordo, logo de audiencia, se é o caso, dos interesados.

4. A Administración do Estado ou, se é o caso, a da comunidade autónoma, poderá impugnar o acto ou acordo ante a xurisdición contencioso-administrativa, nos meses seguintes ao día en que venza o prazo sinalado no requirimento dirixido á entidade local, ou ao da recepción da súa comunicación rexeitando o requirimento.

---

(8) Parágrafo 4.

5. A Administración do Estado ou, se é o caso, a da comunidade autónoma, poderá impugnar o acto ou acordo ante a xurisdición contencioso-administrativa directamente, sen necesidade de formular requirimento, nos dous meses seguintes ao día da recepción da comunicación do acto ou acordo. **§5**

6. O requirimento ou a impugnación a que se refire este artigo non suspenderán por si sós a efectividade do acto ou acordo, sen prexuízo das regras ordinarias que regulan a suspensión da execución daqueles na Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (9).

**Art. 216.** Os actos e acordos das entidades locais que menoscaben competencias do Estado ou das comunidades autónomas, interfiran o seu exercicio ou excedan da competencia das ditas entidades, poderán ser impugnados directamente, sen necesidade de previo requirimento, ante a xurisdición contencioso-administrativa, pola Administración do Estado ou da correspondente comunidade autónoma, no prazo de quince días hábiles a partir da recepción da comunicación do acordo.

Nestes supostos observarase o disposto, en canto a requisitos que deberá reunir a impugnación e os seus efectos suspensivos, no artigo 66, parágrafo segundo, da Lei 7/1985, do 2 de abril.

**Art. 217.** Se unha entidade local adoptase actos ou acordos que atenten gravemente contra o interese xeral de España, o delegado do Goberno, logo de requirimento ao presidente da corporación e no caso de non ser atendido, poderaos suspender e adoptar as medidas pertinentes para a protección do dito interese, debendo impugnalos no prazo de dez días desde a suspensión, ante a xurisdición contencioso-administrativa (10).

---

(9) Véxase o artigo 127 da Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

(10) Artigo 67 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (§ 4).

## §5 *Sección 4.ª Da revisión dos actos en vía administrativa*

**Art. 218.** 1. Sen prexuízo das previsións específicas contidas nos artigos 65, 67 e 110 da Lei 7/1985, do 2 de abril (11), os órganos das entidades locais poderán revisar os seus actos, resolucións e acordos nos termos e co alcance que se establece na lexislación do Estado reguladora do procedemento administrativo común (12).

2. A solicitude de ditame do Consello de Estado, nos casos que proceda legalmente, cursarase por conduto do presidente da comunidade autónoma e a través do Ministerio para as Administracións Públicas.

### *Sección 5.ª Do exercicio de accións*

**Art. 219.** 1. As entidades locais territoriais están lexitimadas para impugnar as disposicións e os actos das administracións do Estado e das comunidades autónomas que lesionen a súa autonomía, tal como esta resulta garantida pola Constitución e a Lei 7/1985, do 2 de abril (13).

2. Así mesmo, as entidades locais territoriais están lexitimadas para promoveren, nos termos do artigo 119 da Lei 7/1985, do 2 de abril, a impugnación ante o Tribunal Constitucional de leis do Estado ou das comunidades autónomas cando se considere que son estas as que lesionan a autonomía constitucionalmente garantida.

**Art. 220.** 1. As entidades locais teñen a obriga de exercer as accións necesarias para a defensa dos seus bens e dereitos (14).

---

(11) Parágrafo 4.

(12) Artigos 102 a 106 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (§ 11).

(13) Artigo 63.3 da dita lei (§ 4).

(14) En materia de investigación dos seus bens, o artigo 55 do Regulamento de bens das entidades locais, aprobado polo Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño («BOE» núm. 101, do 7 de xullo), dispón:

«1. O coñecemento das cuestións de natureza civil que se susciten con ocasión da investigación practicada corresponderalle á xurisdición ordinaria.

2. Os afectados pola resolución do expediente de investigación poderana impugnar en vía contencioso-administrativa.



2. Calquera veciño que se achar en pleno gozo dos seus dereitos civís e políticos poderalle requirir o seu exercicio á entidade interesada. Este requirimento, do que se dará coñecemento aos que puidesen resultar afectados polas correspondentes accións, suspenderá o prazo para o exercicio delas por un termo de trinta días hábiles.

3. Se no prazo deses trinta días, a entidade non acordase o exercicio das accións solicitadas, os veciños poderán exercer a dita acción en nome e interese da entidade local, facilitándolles esta os antecedentes, documentos e elementos de proba necesarios e que para o efecto soliciten.

4. De prosperar a acción, o demandante terá dereito a que a entidade lle reembolse as custas procesuais e á indemnización de cantos danos e perdas se lle producisen.

**Art. 221.** 1. Os acordos para o exercicio de accións necesarias para a defensa dos bens e dereitos das entidades locais deberanse adoptar logo de ditame do secretario ou, se é o caso, da asesoría xurídica, e, en defecto de ambos, dun letrado.

2. De acordo co disposto no artigo 54.4 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e no artigo 447.2 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial (15), a representación e defensa en xuízo dos entes locais correspondenlles aos letrados que sirvan nos seus servizos xurídicos, salvo que designen avogado colexiado que os represente e defenda (16).

---

3. Os denunciante, ademais, poderán recorrer, en vía contencioso-administrativa, contra os acordos que a corporación adopte sobre garantías, premios e indemnizacións.»

E tratándose do deslindamento, o artigo 65 do mesmo regulamento establece:

«O acordo resolutorio de deslindamento será executivo e soamente poderá ser impugnado en vía contencioso-administrativa, sen prexuízo de que cantos se consideren lesionados nos seus dereitos os poidan facer valer ante a xurisdición ordinaria.»

(15) Actualmente artigo 551 conforme a modificación introducida pola Lei orgánica 19/2003 («BOE» núm. 309, do 26 de decembro; suplemento en lingua galega núm. 2, do 16 de xaneiro de 2004).

(16) Véxase a nota ao artigo 24 da Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

## §5 Sección 6.<sup>a</sup> *Dos conflitos de atribucións e competencias*

**Art. 222.** 1. Os conflitos de atribucións que xurdan entre órganos e entidades dependentes dunha mesma entidade local serán resoltos (17):

*a)* Polo Pleno, cando se trate de conflitos que afecten órganos colexiados, membros destes ou entidades locais de ámbito territorial inferior ao municipio.

*b)* Polo alcalde ou presidente da corporación, no resto dos supostos.

2. Os conflitos de competencias xurdidos entre diferentes entidades locais serán resoltos pola Administración da comunidade autónoma ou pola Administración do Estado, logo de audiencia das comunidades autónomas afectadas, segundo se trate de entidades pertencentes á mesma ou a distinta comunidade, e sen prexuízo da ulterior posibilidade de impugnar a resolución ditada ante a xurisdición contencioso-administrativa.

### CAPÍTULO IV

#### RESPONSABILIDADE DAS ENTIDADES LOCAIS

**Art. 223.** As entidades locais responderán directamente dos danos e perdas causados aos particulares nos seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación, en exercicio dos seus cargos, das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa (18).

**Art. 224.** 1. Cando a entidade local explote unha industria ou empresa como persoa xurídica de dereito privado, seranlle aplicables as disposicións do Código civil sobre responsabilidade por danos e perdas (19).

---

(17) Artigo 50 da Lei 7/1985, do 2 de abril (§ 4).

(18) Artigos 139 a 144 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (§ 11).

Véxase o Real decreto 429/1993, do 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial.

(19) Artigos 1.902 a 1.910 do dito código.

2. En tales casos, asumirá respecto dos actos executados polos empregados na dita explotación a calidade de dono e patrón da empresa para efectos da responsabilidade que puidese contraer por feitos ilícitos deses axentes constitutivos de danar as persoas, os bens ou os dereitos de terceiros.

3. Os prexudicados deberán interpor a reclamación a que se refire o artigo 212 deste regulamento con carácter previo á formulación da correspondente demanda xudicial.

4. Contra o acordo ou resolución que recaia procederá a acción correspondente ante os tribunais en xuízo ordinario.

Art. 225. 1. As entidades locais poderán instruír expediente, con audiencia do interesado, para declarar a responsabilidade civil das súas autoridades, membros, funcionarios e dependentes que, por dolo, culpa ou negligencia graves, lles causaren danos e perdas á Administración ou a terceiros, se estes tiveren sido indemnizados por aquela.

2. O declarado responsable pola Administración poderá interpor o correspondente recurso contencioso-administrativo.

.....

## DISPOSICIÓN ADICIONAIS

*Primeira.* De acordo coa disposición adicional primeira da Constitución e co disposto nos artigos 3, 24.2 e 37 do Estatuto Vasco, os territorios históricos de Araba, Gipuzkoa e Bizkaia organizarán libremente as súas propias institucións e ditarán as normas necesarias para o seu funcionamento, sen que lles sexan de aplicación as contidas na Lei 7/1985, do 2 de abril, e neste regulamento, en materia de organización provincial.

*Segunda.* Este regulamento rexerá en Navarra nos termos previstos na disposición adicional terceira da Lei 7/1985, do 2 de abril.

*Terceira.* As provincias constituídas en comunidades autónomas uniprovinciais e a Comunidade Foral de Navarra non se rexen polo disposto neste regulamento en materia de

§5 organización e funcionamento provincial e farano polos seus propios estatutos e as restantes disposicións peculiares.

.....

## DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

.....

*Segunda.* Mentres o Estado non dite a lexislación sobre procedemento administrativo común, a que se refire o artigo 149.1.18.a da Constitución, as mencións que neste regulamento se efectúan á dita normativa enténdense referidas á Lei de procedemento administrativo do 17 de xullo de 1958 (20).

## DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogados o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, aprobado polo Decreto do 17 de maio de 1952; o Real decreto 1531/1979, do 22 de xuño, polo que se regulan as asignacións e outras compensacións que poderán percibir os membros das corporacións locais; o Real decreto 1169/1983, do 4 de maio, polo que se ditan normas para a constitución das corporacións locais, e cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste regulamento.

## DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Este regulamento entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

---

(20) Na actualidade, Lei 30/1992, do 26 de novembro (§ 11).

**§ 6 REAL DECRETO LEXISLATIVO 2/2004, DO 5 DE MARZO (FACENDA), POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS**

(«BOE» núm. 59, do 9 de marzo de 2004; corrección de erros no «BOE» núm. 63, do 13 de marzo; suplemento en lingua galega núm. 5, do 1 de abril)

**TÍTULO PRIMEIRO**

**Recursos das facendas locais**

.....

**CAPÍTULO III**

**TRIBUTOS**

*Sección 1.<sup>a</sup> Normas xerais*

.....

**Art. 14.** *Revisión de actos en vía administrativa.*

1. Respecto dos procedementos especiais de revisión dos actos ditados en materia de xestión tributaria, observarase o disposto no artigo 110 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (1), e nas letras seguintes:

*a)* A devolución de ingresos indebidos e a rectificación de erros materiais no ámbito dos tributos locais axustaranse

---

(1) Parágrafo 4.

## §6 ao disposto nos artigos 32 e 220 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria (2).

(2) Os artigos 32, 220 e 221 da citada lei dispoñen:

«Artigo 32. *Devolución de ingresos indebidos.*–1. A Administración tributaria devolveralles aos obrigados tributarios, aos suxeitos infractores ou aos sucesores duns e doutros, os ingresos que indebidamente se realizasen no Tesouro público con ocasión do cumprimento das súas obrigas tributarias ou do pagamento de sancións, conforme o establecido no artigo 221 desta lei.

2. Coa devolución de ingresos indebidos a Administración tributaria aboará o xuro de demora regulado no artigo 26 desta lei, sen necesidade de que o obrigado tributario o solicite. Para estes efectos, o xuro de demora devengarase desde a data en que se realizase o ingreso indebido ata a data en que se ordene o pagamento da devolución.

As dilacións no procedemento por causa imputable ao interesado non se terán en conta para efectos do cómputo do período a que se refire o parágrafo anterior.

3. Cando se proceda á devolución dun ingreso indebido derivado dunha autoliquidación ingresada en varios prazos, entenderase que a cantidade devolta se ingresou no último prazo e, de non resultar cantidade suficiente, a diferenza considerárase satisfeita nos prazos inmediatamente anteriores.

### *Sección 4.ª Rectificación de erros*

Artigo 220. *Rectificación de erros.*–1. O órgano ou organismo que ditase o acto ou a resolución da reclamación rectificará en calquera momento, de oficio ou por instancia do interesado, os erros materiais, de feito ou aritméticos, sempre que non transcorrese o prazo de prescrición.

En particular, rectifícaranse por este procedemento os actos e as resolucións das reclamacións económico-administrativas en que se incorrese en erro de feito que resulte dos propios documentos incorporados ao expediente.

A resolución corrixirá o erro na contía ou en calquera outro elemento do acto ou resolución que se rectifica.

2. O prazo máximo para notificar resolución expresa será de seis meses desde que sexa presentada a solicitude polo interesado ou desde que se lle notifique o acordo de iniciación de oficio do procedemento.

O transcurso do prazo previsto no parágrafo anterior sen que se notificase resolución expresa producirá os seguintes efectos:

a) A caducidade do procedemento iniciado de oficio, sen que iso impida que se poida iniciar de novo outro procedemento con posterioridade.

b) A desestimación por silencio administrativo da solicitude, se o procedemento se iniciase por instancia do interesado.

3. As resolucións que se diten neste procedemento serán susceptibles de recurso de reposición e de reclamación económico-administrativa.

### *Sección 5.ª Devolución de ingresos indebidos*

Artigo 221. *Procedemento para a devolución de ingresos indebidos.*–1. O procedemento para o recoñecemento do dereito á devolución de ingresos indebidos iniciarase de oficio ou por instancia do interesado, nos seguintes supostos:

a) Cando se producise unha duplicidade no pagamento de débedas tributarias ou sancións.

b) Non serán en ningún caso revisables os actos administrativos confirmados por sentenza xudicial firme (3). **§6**

Os actos ditados en materia de xestión dos restantes ingresos de dereito público das entidades locais tamén estarán sometidos aos procedementos especiais de revisión conforme o previsto neste punto.

2. Contra os actos de aplicación e efectividade dos tributos e restantes ingresos de dereito público das entidades

---

b) Cando a cantidade pagada fose superior ao importe a ingresar resultante dun acto administrativo ou dunha autoliquidación.

c) Cando se ingresasen cantidades correspondentes a débedas ou sancións tributarias despois de teren transcorrido os prazos de prescrición.

d) Cando así o estableza a normativa tributaria.

Regulamentariamente desenvolverase o procedemento previsto neste punto, ao cal lle será de aplicación o disposto no punto 2 do artigo 220 desta lei.

2. Cando o dereito á devolución se recoñece mediante o procedemento previsto no punto 1 deste artigo ou en virtude dun acto administrativo ou unha resolución económico-administrativa ou xudicial, procederase á execución da devolución nos termos que regulamentariamente se establezan.

3. Cando o acto de aplicación dos tributos ou de imposición de sancións en virtude do cal se realizou o ingreso indebido adquise firmeza, unicamente se poderá solicitar a devolución del instando ou promovendo a revisión do acto mediante algún dos procedementos especiais de revisión establecidos nas alíneas a), c) e d) do artigo 216 e mediante o recurso extraordinario de revisión regulado no artigo 244 desta lei.

4. Cando un obrigado tributario considere que a presentación dunha autoliquidación deu lugar a un ingreso indebido, poderá instar a rectificación da autoliquidación de acordo co disposto no punto 3 do artigo 120 desta lei.

5. Na devolución de ingresos indebidos liquidaranse xuros de demora de acordo co disposto no punto 2 do artigo 32 desta lei.

6. As resolucións que se diten neste procedemento serán susceptibles de recurso de reposición e de reclamación económico-administrativa.»

Véxase, ademais, o Real decreto 1163/1990, do 21 de setembro («BOE» núm. 230, do 25 de setembro), polo que se regula o procedemento para a realización de devolucións de ingresos indebidos de natureza tributaria. Téñase en conta que polo Real decreto 520/2005, do 13 de maio, só están vixentes os artigos 8, 9, 10, 11, 13, 14, a disposición adicional terceira e o punto 3 da disposición adicional quinta.

(3) O artigo 213.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, dispón:

«Artigo 213.3. Cando fosen confirmados por sentenza xudicial firme, non serán revisables en ningún caso os actos de aplicación dos tributos e de imposición de sancións nin as resolucións das reclamacións económico-administrativas.»

**§ 6** locais, soamente se poderá interpor o recurso de reposición que a continuación se regula.

*a)* Obxecto e natureza.—Son impugnables, mediante este recurso de reposición, todos os actos ditados polas entidades locais en vía de xestión dos seus tributos propios e dos seus restantes ingresos de dereito público. O anterior enténdese sen prexuízo dos supostos en que a lei prevé a posibilidade de formular reclamacións económico-administrativas contra actos ditados en vía de xestión dos tributos locais; en tales casos, cando os actos fosen ditados por unha entidade local, este recurso de reposición será previo á reclamación económico-administrativa.

*b)* Competencia para resolver.—Será competente para coñecer e resolver o recurso de reposición o órgano da entidade local que ditase o acto administrativo impugnado.

*c)* Prazo de interposición.—O recurso de reposición interporase dentro do prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación expresa do acto de que se solicita a revisión ou ao de finalización do período de exposición pública dos correspondentes padróns ou matrículas de contribuíntes ou obrigados ao pagamento.

*d)* Lexitimación.—Poderán interpor o recurso de reposición:

1.º Os suxeitos pasivos e, se é o caso, os responsables dos tributos, así como os obrigados a efectuar o ingreso de dereito público de que se trate.

2.º Calquera outra persoa cando os seus intereses lexítimos e directos resulten afectados polo acto administrativo de xestión.

*e)* Representación e dirección técnica.—Os recorrentes poderán comparecer por si mesmos ou por medio de representante, sen que sexa preceptiva a intervención de avogado nin procurador.

*f)* Iniciación.—O recurso de reposición interporase por medio de escrito en que se farán constar os seguintes extremos:

1.º As circunstancias persoais do recorrente e, se é o caso, do seu representante, con indicación do número do documento nacional de identidade ou do código identificador.



2.º O órgano ante quen se formula o recurso.

3.º O acto administrativo contra o que se recorre, a data en que se ditou, o número do expediente, e os demais datos relativos a el que se consideren convenientes.

4.º O domicilio que sinale o recorrente para efectos de notificacións.

5.º O lugar e a data de interposición do recurso.

No escrito de interposición formularanse as alegacións tanto sobre cuestións de feito como de dereito. Co devandito escrito presentaranse os documentos que sirvan de base á pretensión que se exerce.

Se se solicita a suspensión do acto impugnado, ao escrito de iniciación do recurso xuntaránselle os xustificantes das garantías constituídas de acordo coa alínea i) seguinte.

g) Posta de manifesto do expediente.—Se o interesado precisar do expediente de xestión ou das actuacións administrativas para formular as súas alegacións, deberá comparecer para tal obxecto ante a oficina xestora a partir do día seguinte ao da notificación do acto administrativo que se impugna e antes de que finalice o prazo de interposición do recurso.

A oficina ou dependencia de xestión, baixo a responsabilidade do seu xefe, terá a obriga de lle pór de manifesto ao interesado o expediente ou as actuacións administrativas que se requiran.

h) Presentación do recurso.—O escrito de interposición do recurso presentarase na sede do órgano da entidade local que ditou o acto administrativo que se impugna ou, no seu defecto, nas dependencias ou oficinas a que se refire o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (4).

---

(4) O punto 4 do artigo 38 da citada lei na redacción dada a el pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, establece:

«Art. 38. Rexistros.

.....  
4. As solicitudes, os escritos e as comunicacións que os cidadáns dirixan aos órganos das administracións públicas poderanse presentar:

a) Nos rexistros dos órganos administrativos a que se dirixan.

**§6** i) Suspensión do acto impugnado.—A interposición do recurso de reposición non suspenderá a execución do acto impugnado, coas consecuencias legais conseguíntes, incluso a recadación de cotas ou dereitos liquidados, xuros e recargas. Os actos de imposición de sancións tributarias quedarán automaticamente suspendidos conforme o previsto na Lei xeral tributaria.

Non obstante, e nos mesmos termos ca no Estado, poderase suspender a execución do acto impugnado mentres dure a tramitación do recurso aplicando o establecido no *Real decreto 2244/1979, do 7 de setembro, polo que se regula o recurso de reposición previo ao económico-administrativo*, e no *Real decreto 391/1996, do 1 do marzo, polo que se aproba o Regulamento de procedemento nas reclamacións económico-administrativas*, coas seguintes especialidades (5):

1.º En todo caso, será competente para tramitar e resolver a solicitude o órgano da entidade local que ditou o acto.

2.º As resolucións desestimatorias da suspensión soamente serán susceptibles de impugnación en vía contencioso-administrativa.

3.º Cando se interpoña recurso contencioso-administrativo contra a resolución do recurso de reposición, a suspensión acordada en vía administrativa manterase, sempre que exista garantía suficiente, ata que o órgano xudicial compe-

---

b) Nos rexistros de calquera órgano administrativo, que pertenza á Administración xeral do Estado, á de calquera Administración das comunidades autónomas, ou á dalgunha das entidades que integran a Administración local se, neste último caso, se subscribiu o oportuno convenio.

c) Nas oficinas de correos, na forma que regulamentariamente se estableza.

d) Nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro.

e) En calquera outro que establezan as disposicións vixentes.

Mediante convenios de colaboración subscritos entre as administracións públicas estableceranse sistemas de intercomunicación e coordinación de rexistros que garantan a súa compatibilidade informática, así como a transmisión telemática dos asentos rexistrados e das solicitudes, escritos, comunicacións e documentos que se presenten en calquera dos rexistros.»

(5) Ambos os reais decretos foron derogados polo Real decreto 520/2005, do 13 de maio («BOE» núm. 126, do 27 de maio; suplemento en lingua galega núm. 6, do 1 de xullo).

tente adopte a decisión que corresponda en relación coa **§6**  
devandita suspensión.

*j)* Outros interesados.—Se do escrito inicial ou das actuacións posteriores resultaren outros interesados distintos do recorrente, comunicaráselles a interposición do recurso para que no prazo de cinco días aleguen o que conveña ao seu dereito.

*k)* Extensión da revisión.—A revisión somete a coñecemento do órgano competente, para a súa resolución, todas as cuestións que ofrezca o expediente, fosen ou non formuladas no recurso.

Se o órgano considera pertinente examinar e resolver cuestións non formuladas polos interesados, exporállelas aos que estiveren constituídos como parte no procedemento e concederalles un prazo de cinco días para formularen alegacións.

*l)* Resolución do recurso.—O recurso será resolto no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa presentación, con excepción dos supostos regulados nas alíneas *j)* e *k)* anteriores, en que o prazo se computará desde o día seguinte a aquel en que se formulen as alegacións ou se deixen transcorrer os prazos sinalados.

O recurso entenderase desestimado cando non recaese resolución en prazo.

A denegación presunta non exime da obriga de resolver o recurso.

*m)* Forma e contido da resolución.—A resolución expresa do recurso producirase sempre de forma escrita.

A dita resolución, que será sempre motivada, conterá unha sucinta referencia aos feitos e ás alegacións do recorrente, e expresará de forma clara as razóns polas que se confirma ou revoga total ou parcialmente o acto impugnado.

*n)* Notificación e comunicación da resolución.—A resolución expresa deberalles ser notificada ao recorrente e aos demais interesados, de os haber, no prazo máximo de dez días desde que aquela se produza.

*ñ)* Impugnación da resolución.—Contra a resolución do recurso de reposición non se pode interpor de novo este recurso, e os interesados poden interpor directamente recurso contencioso-administrativo, todo iso sen prexuízo dos supos-

§6 tos en que a lei prevé a interposición de reclamacións económico-administrativas contra actos ditados en vía de xestión dos tributos locais.

.....

*Sección 2.ª Imposición e ordenación de tributos locais*

.....

**Art. 17.** *Elaboración, publicación e publicidade das ordenanzas fiscais.*—1. Os acordos provisionais adoptados polas corporacións locais para o establecemento, a supresión e a ordenación de tributos e para a fixación dos elementos necesarios para a determinación das respectivas cotas tributarias, así como as aprobacións e modificacións das correspondentes ordenanzas fiscais, expóranse no taboleiro de anuncios da entidade durante trinta días, como mínimo, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que coiden oportunas.

2. As entidades locais publicarán, en todo caso, os anuncios de exposición no boletín oficial da provincia, ou, se é o caso, no da comunidade autónoma uniprovincial. As deputacións provinciais, os órganos de goberno das entidades supramunicipais e os concellos de poboación superior a 10.000 habitantes deberanos publicar, ademais, nun xornal dos de maior difusión da provincia, ou da comunidade autónoma uniprovincial.

3. Finalizado o período de exposición pública, as corporacións locais adoptarán os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se presentasen e aprobando a redacción definitiva da ordenanza, a súa derogación ou as modificacións a que se refira o acordo provisional. No caso de que non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

4. En todo caso, os acordos definitivos a que se refire o punto anterior, incluíndo os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das ordenanzas ou

das súas modificacións, deberán ser publicados no boletín oficial da provincia ou, se é o caso, da comunidade autónoma uniprovincial, sen que entren en vigor ata que se levasa a cabo a dita publicación. §6

5. As deputacións provinciais, os consellos, os cabidos insulares e, en todo caso, as demais entidades locais cando a súa poboación sexa superior a 20.000 habitantes, editarán o texto íntegro das ordenanzas fiscais reguladoras dos seus tributos dentro do primeiro cuadrimestre do exercicio económico correspondente.

En todo caso, as entidades locais deberanlles expedir copias das ordenanzas fiscais publicadas aos que as demanden.

**Art. 18.** *Interesados para os efectos de reclamar contra acordos provisionais.*—Para os efectos do disposto no punto 1 do artigo anterior, terán a consideración de interesados:

a) Os que tiveren un interese directo ou resultaren afectados por tales acordos.

b) Os colexios oficiais, as cámaras oficiais, as asociacións e as demais entidades legalmente constituídas para velaren polos intereses profesionais, económicos ou veciñais, cando actúen en defensa dos que lles son propios (6).

**Art. 19.** *Recurso contencioso-administrativo.*—1. As ordenanzas fiscais das entidades locais a que se refire o artigo 17.3 desta lei rexerán durante o prazo, determinado ou indefinido, previsto nelas, sen que caiba contra elas outro recurso que o contencioso-administrativo que se poderá interpoñer, a partir da súa publicación no «Boletín Oficial» da provincia, ou, se é o caso, da comunidade autónoma uniprovincial, na forma e nos prazos que establecen as normas reguladoras da dita xurisdición.

2. Se por resolución xudicial firme resultaren anulados ou modificados os acordos locais ou o texto das ordenanzas fiscais, a entidade local estará obrigada a adecuar aos termos

---

(6) Véxase o artigo 19 da Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

§6 da sentenza todas as actuacións que leve a cabo con posterioridade á data en que aquela lle sexa notificada. Salvo que expresamente o prohibise a sentenza, manteranse os actos firmes ou consentidos ditados ao abeiro da ordenanza que posteriormente resulte anulada ou modificada.

.....

## TÍTULO VI

### Orzamento e gasto público

#### CAPÍTULO PRIMEIRO

##### DOS ORZAMENTOS (7)

###### *Sección 1.ª Contido e aprobación*

.....

**Art. 169.** *Publicidade, aprobación definitiva e entrada en vigor.*—1. Aprobado inicialmente o orzamento xeral, exporase ao público, logo de anuncio no «Boletín Oficial» da provincia, ou, se é o caso, da comunidade autónoma uniprovincial, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno. O orzamento considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

2. A aprobación definitiva do orzamento xeral polo Pleno da corporación deberase realizar antes do día 31 de decembro do ano anterior ao do exercicio en que se deba aplicar.

3. O orzamento xeral, definitivamente aprobado, será inserido no boletín oficial da corporación, se o tiver e, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos que o inte-

---

(7) Véxase o Real decreto 500/1990, do 20 de abril («BOE» núm. 101, do 27 de abril; corrección de erros no «BOE» núm. 136, do 7 de xuño), polo que se desenvolve este capítulo I.

gran, no da provincia, ou, se é o caso, da comunidade autónoma uniprovincial. §6

4. Do orzamento xeral definitivamente aprobado remitirase copia á Administración do Estado e á correspondente comunidade autónoma. A remisión realizarase simultaneamente ao envío ao boletín oficial a que se refire o punto anterior.

5. O orzamento entrará en vigor, no exercicio correspondente, unha vez publicado na forma prevista no punto 3 deste artigo.

6. Se ao iniciarse o exercicio económico non entrase en vigor o orzamento correspondente, considerarase automaticamente prorrogado o do anterior, cos seus créditos iniciais, sen prexuízo das modificacións que se realicen conforme o disposto nos artigos 177, 178 e 179 desta lei e ata a entrada en vigor do novo orzamento. A prórroga non afectará os créditos para servizos ou programas que deban concluír no exercicio anterior ou que estean financiados con crédito ou outros ingresos específicos ou afectados.

7. A copia do orzamento e das súas modificacións deberá estar á disposición do público, para efectos informativos, desde a súa aprobación definitiva ata a finalización do exercicio.

**Art. 170.** *Reclamación administrativa: lexitimación activa e causas.*—1. Para os efectos do disposto no punto 1 do artigo anterior, terán a consideración de interesados:

a) Os habitantes no territorio da respectiva entidade local.

b) Os que resulten directamente afectados, malia non habitaren no territorio da entidade local.

c) Os colexios oficiais, as cámaras oficiais, os sindicatos, as asociacións e as demais entidades legalmente constituídas para velaren por intereses profesionais ou económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lles son propios.

2. Unicamente se poderán emprender reclamacións contra o orzamento:

a) Por non se ter axustado a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos nesta lei.

§6 b) Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas exixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.

c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzados ou ben destes respecto ás necesidades para as que estea previsto.

**Art. 171.** *Recurso contencioso-administrativo.*—1. Contra a aprobación definitiva do orzamento poderase interpor directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e nos prazos que establecen as normas da dita xurisdición.

2. O Tribunal de Contas deberá previamente emitir informe sobre a resolución do recurso cando a impugnación afecte ou se refira á nivelación orzamentaria.

3. A interposición de recursos non suspenderá por si soa a aplicación do orzamento definitivamente aprobado pola corporación.

.....

*Sección 2.<sup>a</sup> Dos créditos e as súas modificacións*

.....

**Art. 179.** *Transferencias de crédito: límites formais e competencia.*—1. As entidades locais regularán nas bases de execución do orzamento o réxime de transferencias establecendo, en cada caso, o órgano competente para autorizalas.

2. En todo caso, a aprobación das transferencias de crédito entre distintos grupos de función corresponderalle ao Pleno da corporación, salvo cando as baixas e as altas afecten créditos de persoal.

3. Os organismos autónomos poderán realizar operacións de transferencias de crédito con suxeición ao disposto nos puntos anteriores.

4. As modificacións orzamentarias a que se refire este artigo, en canto sexan aprobadas polo Pleno, seguirán as normas sobre información, reclamacións, recursos e publicidade a que se refiren os artigos 169, 170 e 171 da lei.

.....



## RÉXIME ELECTORAL XERAL

### § 7 LEI ORGÁNICA 5/1985, DO 19 DE XUÑO (XEFA- TURA DO ESTADO), DO RÉXIME ELECTORAL XERAL

(«BOE» núm. 147, do 20 de xuño de 1985; corrección de erros no «BOE» núm. 17, do 20 de xaneiro de 1986)

.....

### TÍTULO PRELIMINAR

**Artigo 1.** 1. Esta lei orgánica é de aplicación:

*a)* Ás eleccións de deputados e senadores a Cortes Xerais sen prexuízo do disposto nos estatutos de autonomía para a designación dos senadores previstos no artigo 69.5 da Constitución.

*b)* Ás eleccións dos membros das corporacións locais.

*c)* Ás eleccións dos deputados do Parlamento Europeo (1).

2. Así mesmo, nos termos que establece a disposición adicional primeira desta lei, é de aplicación ás eleccións ás

---

(1) A alínea c) foi engadida pola Lei orgánica 1/1987, do 2 de abril («BOE» núm. 80, do 3 de abril).

§7 asembleas das comunidades autónomas, e ten carácter supletorio da lexislación autonómica na materia (2).

.....

## TÍTULO PRIMEIRO

### Disposicións comúns para as eleccións por sufraxio universal directo

.....

## CAPÍTULO VI

### PROCEDEMENTO ELECTORAL

.....

#### *Sección 3.<sup>a</sup> Recurso contra a proclamación de candidaturas e candidatos*

**Art. 49.** 1. A partir da proclamación, calquera candidato excluído e os representantes das candidaturas proclamadas ou a proclamación das cales fose denegada, dispoñen dun prazo de dous días para interpiren recurso contra os acordos de proclamación das xuntas electorais, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo (3). No mesmo acto de interposición debe presentar as alegacións que considere pertinentes acompañadas dos elementos de proba oportunos.

2. O prazo para interpor o recurso previsto no parágrafo anterior discorre a partir da publicación dos candidatos proclamados, sen prexuízo da preceptiva notificación ao representante daquel ou daqueles que fosen excluídos.

3. A resolución xudicial, que se deberá ditar nos dous días seguintes ao da interposición do recurso, ten carácter firme e inapelable, sen prexuízo do procedemento de amparo ante o

---

(2) Véxase a disposición adicional primeira desta lei orgánica.

(3) Véxase o artigo 8.5 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (§ 1).

Tribunal Constitucional; para este efecto, co recurso regulado neste artigo, entenderase cumprido o requisito establecido no artigo 44.1.a) da Lei orgánica do Tribunal Constitucional (4). §7

(4) O dito artigo, na redacción dada pola Lei orgánica 6/2007, do 24 de maio, dispón:

«1. As violacións dos dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional que teñan a súa orixe inmediata e directa nun acto ou omisión dun órgano xudicial, poderán dar lugar a este recurso sempre que se cumpran os requisitos seguintes:

a) Que se esgotasen todos os medios de impugnación previstos polas normas procesuais para o caso concreto dentro da vía xudicial.

.....

O Acordo do 20 de xaneiro de 2000 («BOE» núm. 21, do 25 de xaneiro), do Pleno do Tribunal Constitucional, polo que se aproban as normas sobre tramitación do recurso de amparo a que fai referencia este artigo, dispón:

«Artigo 1. 1. Os recursos de amparo a que se refiren os artigos 49, puntos 3 e 4, e 114, punto 2, da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, interporanse e ordenaranse conforme os requisitos establecidos nos artigos 49 e 81 da Lei orgánica 2/1979, do Tribunal Constitucional, e segundo o disposto neste acordo. No que resulte aplicable, observarase o previsto, con carácter xeral, na citada Lei orgánica 2/1979.

2. Coa demanda xuntaranse tantas copias como partes houberse no proceso anterior e unha máis para o Ministerio Fiscal.

Art. 2. Se a demanda de amparo se dirixise contra os acordos das xuntas electorais sobre proclamación de candidaturas e candidatos (arts. 47.3 e 49 da Lei orgánica 5/1985, do réxime electoral xeral), o prazo para a súa interposición será de dous días a partir da notificación da resolución xudicial recaída no proceso previo a que se refire o artigo 49.1 e 2 da citada lei orgánica, e os artigos 8.4 e 12.3.a) da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, observándose as seguintes regras de interposición e tramitación:

1.<sup>a</sup> Ademais de no Rexistro Xeral do Tribunal Constitucional, a demanda de amparo poderase presentar na sede do xulgado ou tribunal que ditou a resolución que esgotase a vía xudicial. Neste último caso, o órgano xudicial remitiraa inmediatamente ao Tribunal Constitucional, por medio que asegure a súa recepción no prazo máximo dun día, xuntándolle as correspondentes actuacións, tanto as xudiciais coma as seguidas ante a Administración electoral, que, para o caso de non constar no seu poder, serán previamente requiridas con carácter urgente.

2.<sup>a</sup> Ao mesmo tempo, daráselles traslado da demanda ás partes intervinientes no procedemento previo, con excepción da demandante de amparo, para que no prazo de dous días poidan comparecer, mediante procurador habilitado, ante o Tribunal Constitucional e formular as alegacións que coiden convenientes ao seu dereito.

3.<sup>a</sup> O mesmo día da recepción do recurso no Tribunal Constitucional darase vista del ao Ministerio Fiscal, para que, no prazo dun día, poida efectuar as alegacións que considere procedentes.

4.<sup>a</sup> O Tribunal Constitucional resolverá, sen máis trámite, no prazo de tres días, unha vez deducidas as alegacións a que se refiren os puntos anteriores, ou transcorridos os prazos correspondentes.

§7 4. O amparo débese solicitar no prazo de dous días e o Tribunal Constitucional debe resolver sobre el nos tres días seguintes.

5. Os recursos previstos neste artigo serán de aplicación aos supostos de proclamación ou exclusión de candidaturas presentadas polas agrupacións de electores a que se refire o punto 4 do artigo 44 desta lei orgánica, coas seguintes excepcións:

a) O recurso a que se refire o punto primeiro deste artigo interporase ante a Sala especial do Tribunal Supremo regulada no artigo 61 da Lei orgánica do poder xudicial.

---

5.<sup>a</sup> O disposto nos puntos que anteceden enténdese sen prexuízo do previsto no artigo 50 da Lei orgánica 2/1979, do Tribunal Constitucional.

Art. 3. A interposición e tramitación dos recursos de amparo a que se refire o artigo 114.2 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, axustaranse, sen prexuízo do disposto nos demais preceptos deste acordo, aos seguintes prazos:

1. Tres días para a interposición do recurso de amparo e para a constitución en parte e alegacións dos que foron parte no procedemento xudicial previo.
2. Cinco días para a presentación de alegacións polo Ministerio Fiscal.
3. Dez días para a resolución do recurso de amparo.

De se presentar a demanda de amparo na sede do órgano xudicial que ditou a resolución que esgotase a vía previa, este remitiraa ao Tribunal Constitucional co conxunto das actuacións e o informe da xunta electoral a que se refire o artigo 112.3 da citada Lei orgánica 5/1985, do réxime electoral xeral.

Art. 4. Para o cómputo dos prazos sinalados nos artigos anteriores, e de acordo co disposto no artigo 119 da Lei orgánica 5/1985, os días entenderanse sempre naturais.

Art. 5. Os que na vía xudicial solicitasen e obtivesen provisionalmente asistencia xurídica gratuíta, achegarán co escrito de demanda ou, se é o caso, de constitución en parte, certificación acreditativa da correspondente designación. De non ter sido legalmente exixible a intervención de procurador, ou de este non pertencer ao Colexio de Madrid, deberase ter solicitado expresamente a súa designación antes da interposición da demanda de amparo ou, se é o caso, da constitución en parte.

#### DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogados os acordos do Pleno do Tribunal Constitucional do 23 de maio de 1986 e do 24 de abril de 1991.

#### DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Este acordo entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

b) Estarán tamén lexitimados para a interposición do recurso os que o están para solicitar a declaración de ilegalidade dun partido político, conforme o disposto no punto 1 do artigo 11 da Lei orgánica de partidos políticos (5). **§7**

.....

*Sección 8.<sup>a</sup> Enquisas electorais*

**Art. 69.** Entre o día da convocatoria e o da celebración de calquera tipo de eleccións aplícase o seguinte réxime de publicación de enquisas electorais:

.....

6. As resolucións da Xunta Electoral Central sobre materia de enquisas e sondaxes son notificadas aos interesados e publicadas. Poden ser obxecto de recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, na forma prevista na súa lei reguladora e sen que sexa preceptivo o recurso previo de reposición.

.....

*Sección 16.<sup>a</sup> Contencioso-electoral*

**Art. 109.** Poden ser obxecto de recurso contencioso-electoral os acordos das xuntas electorais sobre proclamación de electos, así como a elección e proclamación dos presidentes das corporacións locais.

**Art. 110.** Están lexitimados para interpor o recurso contencioso-electoral ou para se opor aos que se interpoñan:

- a) Os candidatos proclamados ou non proclamados.
- b) Os representantes das candidaturas concorrentes na circunscrición.

---

(5) Punto engadido pola Lei orgánica 6/2002, do 27 de xuño, de partidos políticos. Véxase o citado artigo no § 2.

**§7** c) Os partidos políticos, asociacións, federacións e coalicións que presentasen candidatura na circunscrición.

**Art. 111.** A representación pública e a defensa da legalidade no recurso contencioso-electoral correspóndelle ao Ministerio Fiscal.

**Art. 112.** 1. O recurso contencioso-electoral interponse ante a xunta electoral correspondente dentro dos tres días seguintes ao acto de proclamación de electos e formalízase no mesmo escrito, no que se consignan os feitos, os fundamentos de dereito e a petición que se deduza.

2. O tribunal competente para a resolución dos recursos contencioso-electorais que se refiren a eleccións xerais ou ao Parlamento Europeo é a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo. No suposto de eleccións autonómicas ou locais, o tribunal competente é a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza da respectiva comunidade autónoma (6).

3. O día seguinte ao da súa presentación, o presidente da xunta deberá remitir á sala competente o escrito de interposición, o expediente electoral e un informe da xunta en que se consigne canto se considere procedente como fundamento do acordo impugnado. A resolución que ordena a remisión notificaráselles, inmediatamente despois do seu cumprimento, aos representantes das candidaturas concorrentes na circunscrición, emprazándoos para que poidan comparecer perante a sala dentro dos dous días seguintes (7).

4. A sala, o día seguinte ao do remate do prazo para a comparecencia dos interesados, dará traslado do escrito de interposición e dos documentos que o acompañen ao Ministerio Fiscal e ás partes constituídas no proceso, pón dolles de manifesto o expediente electoral e o informe da xunta electo-

---

(6) Artigo 8.5, 10.1.f) e 12.3.a) da Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

(7) Os puntos 2 e 3 deste artigo están redactados de acordo coa Lei orgánica 8/1991, do 13 de marzo, pasando os anteriores 3 e 4 a ser, respectivamente, os puntos 4 e 5 actuais.

ral, para que, no prazo común e improrrogable de catro días, §7  
poidan formular as alegacións que coiden convenientes. Aos escritos de alegacións pódense xuntar os documentos que, ao seu xuízo, poidan servir para apoiar ou desvirtuar os fundamentos da impugnación. Así mesmo, pódese solicitar o recibimento a proba e propor aquelas que se consideren oportunas.

5. Transcorrido o período de alegacións, a sala, dentro do día seguinte, poderá acordar de oficio ou por instancia de parte o recibimento a proba e a práctica das que declara pertinentes. A fase probatoria desenvolverase conforme as normas establecidas para o proceso contencioso-administrativo, ben que o prazo non poderá exceder de cinco días (8).

**Art. 113.** 1. Concluído o período probatorio, se é o caso, a sala, sen máis trámite, ditará sentenza no prazo de catro días.

2. A sentenza deberá pronunciar algunha das resolucións seguintes:

a) Inadmisibilidade do recurso.

b) Validez da elección e da proclamación de electos, con expresión, se é o caso, da lista máis votada.

c) Nulidade de acordo de proclamación dun ou varios electos e proclamación como tal daquel ou aqueles a que lles corresponda.

d) Nulidade da elección celebrada naquela ou aquelas mesas que resulten afectadas por irregularidades invalidantes, e necesidade de efectuar nova convocatoria nelas, que se poderá limitar ao acto da votación, ou de proceder a unha nova elección cando se trate do presidente dunha corporación local, en todo caso, no prazo de tres meses a partir da sentenza. Non obstante, a invalidez da votación nunha ou varias mesas ou nunha ou varias seccións non comportará nova convocatoria electoral nelas cando o seu

---

(8) Artigos 60 e 61 da Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

**§7** resultado non altere a atribución de escanos na circunscrición (9).

3. .... (10).

**Art. 114.** 1. A sentenza notifícaselles aos interesados non máis tarde do trixésimo sétimo día posterior ás eleccións (11).

2. Contra ela non procede ningún recurso contencioso, ordinario nin extraordinario, salvo o de aclaración, e sen prexuízo do recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional. O amparo débese solicitar no prazo de tres días e o Tribunal Constitucional debe resolver sobre el nos quince días seguintes (12).

**Art. 115.** 1. As sentenzas comunícanse á xunta electoral correspondente, mediante testemuño en forma, con devolución do expediente, para o seu inmediato e estrito cumprimento.

2. A sala, de oficio ou por instancia do Ministerio Fiscal ou das partes, poderase dirixir directamente ás autoridades, organismos e institucións de toda orde a que alcance o contido da sentenza e, así mesmo, adoptará cantas medidas sexan adecuadas para a execución dos pronunciamentos contidos na resolución.

**Art. 116.** 1. Os recursos contencioso-electorais teñen carácter de urxentes e gozan de preferencia absoluta na súa substanciación e resolución ante as salas do contencioso-administrativo competentes (13).

---

(9) Letra redactada conforme a Lei orgánica 8/1991, do 13 de marzo.

(10) Punto suprimido pola Lei orgánica 8/1991, do 13 de marzo.

(11) Véxase o artigo 225.2 desta lei.

(12) Punto redactado conforme a Lei orgánica 8/1991, do 13 de marzo.

Véxase o Acordo do 20 de xaneiro de 2000, do Pleno do Tribunal Constitucional, polo que se aproban as normas sobre tramitación do recurso de amparo transcrito en nota ao artigo 49.3 desta lei.

(13) Véxase o artigo 63 da Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



2. En todo o non expresamente regulado por esta lei en materia contencioso-electoral, será de aplicación a Lei da xurisdición contencioso-administrativa. **§7**

**Art. 117.** Os recursos xudiciais previstos nesta lei son gratuítos. Non obstante, procederá a condena en custas á parte ou partes que mantivesen posicións infundadas, salvo que circunstancias excepcionais, valoradas na resolución que se dite, motiven a súa non imposición (14).

.....

### TÍTULO III

#### Disposicións especiais para as eleccións municipais

.....

### CAPÍTULO VIII

#### MANDATO E CONSTITUCIÓN DAS CORPORACIÓNS MUNICIPAIS

.....

**Art. 195.** 1. As corporacións municipais constitúense en sesión pública o vixésimo día posterior ao da realización das eleccións, salvo que se presentase recurso contencioso-electoral contra a proclamación dos concelleiros electos; neste suposto constitúense o cuadraxésimo día posterior ás eleccións (15).

.....

---

(14) Véxase o artigo 139 da Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

(15) Véxanse os artigos 37 e 142 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (§ 5).

TÍTULO VI

Disposicións especiais para as eleccións ao Parlamento Europeo (16)

.....

CAPÍTULO V

PROCEDEMENTO ELECTORAL

.....

*Sección 5.ª Contencioso-electoral*

**Art. 225.** 1. O tribunal competente para efectos de recurso contencioso-electoral é o Tribunal Supremo.

2. A notificación da sentenza que resolve un proceso contencioso-electoral producirase non máis tarde do cuardaxésimo quinto día posterior ás eleccións.

.....

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira.-1. O disposto nesta lei enténdese sen prexuízo do exercicio das competencias recoñecidas, dentro do respecto á Constitución e a esta lei orgánica, ás comunidades autónomas polos seus respectivos estatutos en relación coas eleccións ás respectivas asembleas lexislativas (17).

2. En aplicación das competencias que a Constitución lle reserva ao Estado aplícanse tamén ás eleccións a asem-

(16) Título engadido pola Lei orgánica 1/1987, do 2 de abril («BOE» núm. 80, do 3 de abril).

(17) Punto redactado de conformidade coa Lei orgánica 1/2003, do 10 de marzo («BOE» núm. 60, do 11 de marzo; suplemento en lingua galega núm. 6, do 1 de abril de 2003. Corrección de erros no «BOE» núm. 207, do 29 de agosto; suplemento en lingua galega núm. 11, do 1 de setembro de 2003), para a garantía da democracia nos concellos e a seguridade das concelleiros.

bleas legislativas de comunidades autónomas convocadas §7  
por estas, os seguintes artigos do título I desta lei orgánica:

1 a 42; 44; 44 bis; 45; 46.1, 2, 4, 5, 6 e 8; 47.4; 49; 51.2 e 3;  
52; 53; 54; 58; 59; 60; 61; 62; 63; 65; 66; 68; 69; 70.1 e 3; 72;  
73; 74; 75; 85; 86.1; 90; 91; 92; 93; 94; 95.3; 96; 103.2; 108.2  
e 8; 109 a 119; 125 a 130; 131.2; 132, e 135 a 152 (18).

3. Os restantes artigos do título I desta lei teñen carácter supletorio da lexislación que, se é o caso, aproben as comunidades autónomas, sendo de aplicación nas eleccións ás súas asembleas legislativas no suposto de que estas non lexislen sobre eles.

4. O contido dos títulos II, III, IV e V desta lei orgánica non pode ser modificado ou substituído pola lexislación das comunidades autónomas.

.....

## DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

.....

*Quinta.* Mentres non entren en funcionamento os xulgados do contencioso-administrativo e os tribunais superiores de xustiza, as competencias que lles atribúe esta lei serán desenvolvidas polas salas do contencioso-administrativo existentes.

## DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogados o Real decreto lei 20/1977, do 18 de marzo, sobre normas electorais; a Lei 29/1978, do 17 de xullo, de eleccións locais; a Lei orgánica 6/1983, do 2 de marzo, que modifica determinados artigos da anterior; a Lei 14/1980, do 18 de abril, sobre réxime de enquisas electorais, e cantas disposicións se opoñan ao establecido nesta lei.

## DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

---

(18) Redactado conforme a Lei orgánica 8/1991, do 13 de marzo («BOE» núm. 63, do 14 de marzo). A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, introduciu a referencia ao artigo 44 bis.

